



Federación Galega de Caza
www.federaciongalegadcaza.com

EXCLUSIVO FEDERADOS



INFÓRMATE

FGC A CORUÑA 981 70 29 57 coru@fgc.org	FGC LUGO 982 25 49 96 lugo@fgc.org	FGC OURENSE 988 22 16 20 ourense@fgc.org	FGC PONTEVEDRA 986 85 23 00 pontevedra@fgc.org	FGC SANTIAGO 981 56 27 77 santiago@fgc.org
--	--	--	--	--



MUTUASPORT




*"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"*

XXIII Campionato Galego de Cans de Rastro Modalidade Xabaril

Antas de Ulla
LUGO

16 Xuño
2018



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



MUTUASPORT

Colabora:

Sociedade de Cazadores
SANTA MARINA

COMITÉ ORGANIZADOR

D. JAVIER NOGUEIRA DÍZ

Presidente da Federación Galega Caza.

D. FRANCISCO LÓPEZ PENELA

Presidente Provincial da Federación Galega de Caza en Lugo.

D. JORGE MARIÑO PEREIRO

Presidente da Sociedade de Cazadores Santa Mariña.

D. RAMÓN RODRÍGUEZ COBAS

Secretario Xeral da Federación Galega de Caza.

DIRECTOR DA PROBA

D. NICOLÁS CASTRO RODRÍGUEZ

COMITÉ DE COMPETICIÓN

Formaranos os Presidentes das Federacións Provinciais de Caza, ou os representantes dos Equipos Provinciais, mailo Director de Competición.

SORTEO DE QUENDAS E DORSAIS

O sorteo de dorsais realizarase o 12 de xuño na sede da Federación Galega de Caza en Santiago de Compostela.

Para poder inscribirse e participar en calquera proba é obrigatorio tela documentación en vigor para a competición na que se participa, sendo responsable o participante das consecuencias derivadas do incumprimento desta condición ante calquera eventualidade.

DATAS E HORARIOS

16 de xuño de 2018

8:00 h: Concentración no Hotel Val, N-640, 99, 27570 Antas de Ulla, Lugo (Coordenadas 42°47'11.3"N 7°52'48.9"W).

8:30 h: Entrega de Dorsais.

9:15 h: Comezo da Competición.

15:00 h: Clausura e entrega de premios Restaurante As Canteiras, Antas de Ulla s/n , detrás da gasoliñeira de Antas 42°46'50.9"N 7°53'54.9"W

Os acompañantes que desexen asistir ao xantar de clausura deberán comunicalo con un mínimo de dous días de antelación e retiralo correspondente ticket.

PARTICIPACIÓN E INSCRICIÓN

As inscricións dos seleccionados provinciais realizarase mediante acta do Campionato Provincial. Os participantes deben estar en posesión da tarxeta federativa da Federación Galega de Caza en vigor. Conforme a normativa de competicións da FGC, os deportistas que participen en competicións nas que non se usen armas deberán dispor de un seguro de responsabilidade civil cunhas coberturas mínimas de 340.151,82 €.

Aplicarase o vixente Regulamento da Federación Galega de Caza de cans de rastro atrelados (modalidade xabaril) e Normativa de Competicións da Federación Galega de Caza.

ADVERTENCIA: A lei 3/12, do Deporte de Galicia prohibe a introdución e venda de bebidas alcohólicas nos lugares onde se estean a celebrar probas deportivas. Polo tanto, queda prohibido tanto o consumo como a venda de bebidas alcohólicas dentro do recinto deportivo durante a celebración da proba.